

## Centro de Interpretación da Oralidade de Vigo (CIOV)

### Introdución

#### Que entendemos por literatura oral?

Entendemos por literatura popular de tradición oral (ou literatura popular) un conxunto variado e variable de temas, formas e xéneros de arte verbal usados e transmitidos oralmente polo pobo.

Maniféstase moitas veces como forma simplemente falada (contos, lendas, anécdotas, etc.), outras veces vai asociada á música (letras de cantigas) ou mesmo á danza, e outras –as menos– preséntase como parte dunha representación escénica.

En Galicia esta literatura ten unha considerable importancia, tanto pola abundancia da súa produción como por conservar vivo ata hoxe un variado repertorio de grande interese histórico, etnolóxico e, mesmo, artístico; no entanto, o recoñecemento do seu valor cultural supuxo un longo e dificultoso proceso aínda sen pechar definitivamente.

Unha parte deste acervo patrimonial chegou até nós porque o pobo nunca o esqueceu e o transmitiu de xeración en xeración for por comunicación oral for por ser plasmado na escrita. Mais outra boa parte deste patrimonio oral foi esmorecendo até se perder para sempre.

O Concello de Vigo é pioneiro neste traballo xa que dende hai ben de anos está a traballar polo noso patrimonio inmaterial. Actividades neste senso levan desenvolvéndose dende hai ben de anos por centros de ensino, asociacións, colectivos... Apóianse certames de tradición oral, estudos e mostras... e Vigo foi un dos concellos promotores da Candidatura á proclamación de Obra Mestra da Humanidade pola UNESCO do patrimonio inmaterial galego-portugués.

Esta relevancia é considerada pola propia administración, así nas diferentes resolucións de Alcaldía de delegacións de competenciassinálase en materia de normalización lingüística o seguinte:

1. Desenvolver as actuacións necesarias para a consecución dos seguintes obxectivos:
  - (...)
  - Recuperar o patrimonio inmaterial galego

E xa dende o 2015 recoñécese o CIOV como adscrito á Concellaría de Normalización Lingüística. Centro que xurdira dous anos antes, no 2013.

Noutros países esta acción ten grande relevancia. Podemos citar Euskadi, onde os certames de *bertzolaris* son unha mostra de identidade e dignidade da improvisación oral.

Xa daquela, vemos a necesidade de asentar o traballo até agora realizado e ao tempo darlle posibilidade de continuidade nun centro municipal onde se traballaría para perpetuar, dignificar e transmitir todo o legado que aínda está vivo na nosa tradición oral.

E Vigo daría ese paso adiante e sobranceiro ao apostar, unha vez máis, por crear un centro destinado á tradición oral galega.

## Por que un centro de interpretación da oralidade?

Na exposición relatada fixemos fincapé na necesidade de pór en valor o traballo realizado até agora, o necesario labor de manter e transmitir este legado patrimonial e como nestes intres na nosa cidade e grazas ao esforzo desta administración acompañado co labor social estamos promovendo accións que van encamiñadas na protección e transmisión deste legado cultural e patrimonial.

Certamente este concello xa deu os primeiros pasos -notorios e gratificantes- na creación dun centro municipal de tradición oral. Este xermolo do actual centro estivo localizado na Casa da Xuventude, e nel realizáronse actividades tendentes a estender a tradición oral entre a mocidade. O porqué deste paso foi motivado e propiciado por mozos e mozas que participan ano tras ano no certame escolar de regueifas e que demandaban un lugar (e fóra do centro educativo) onde seguir cultivando a arte de regueifar.



Asociado a este labor nos centros de ensino traballamos con Xuventude nesta experiencia que se repetiu no Nadal, mais desta volta, orientando o traballo cara ás panxoliñas, xaneiras, cantos de reis e outras expresións propias do Nadal.

Dende a propia concellaría estamos tamén traballando noutro campo da nosa tradición oral, como son os contadores/as de contos. De cote desenvolvemos programas nos centros de ensino, espazos de dinamización infantil e xuvenil, centros comerciais, restauración, asociacións veciñais que xiran en torno aos contos da nosa tradición oral e a figuras como o *Apalpador*, os trasnos, as maruxiñas, aveláñas... Xunto coa Escola de Idiomas, concretamente co Departamento de Portugués, temos realizado xornadas de contadores/as vidos dende Portugal que ano tras ano vai sumando máis asistentes e sona.

Asemade, achegamos a narración oral (o conto) como ferramenta didáctica e normalizadora de grande utilidade con accións formativas dirixidas ao profesorado.

Todo este labor realizado e todo o por realizar tería un punto de referencia, de orixe, de traballo, de divulgación... a cidade de Vigo.

A creación do CIOV xorde como piar para a recuperación da tradición oral na nosa cidade. Este centro acollerá os novos modelos de transmisión da oralidade: cursos, obradoiros, creación de metodoloxías, organización de certames... Para iso conta coa colaboración, por unha banda de contadores e contadoras de longa traxectoria, como Avelino González, Cándido Pazó, Ana Carreira..., quen apoiará a sección de lendas e contos do CIOV. E por outra banda, coa asociación Oral de Galicia, creada hai anos co obxectivo de achegar e recompilar información e documentación para ir enchendo o oco que hai, no tocante ao estudo formal e profundo da regueifa e o resto de formas de improvisación oral (tradicionalis ou modernas). Regueifeiros como Josinho da Teixeira, Luís O' Caruncho, Pinto d' Herbón, Bieito Lobarinhas... entre outras e outros serán quen poña e transmita todo o seu saber nesta arte.

Asemade, na nosa cidade están crescendo novos xeitos de transmitir a creación oral a través de mesturar diferentes disciplinas comunicativas nas que a lingua oral, a creación poética, xoga un lugar sobranceiro. Estas novas expresións han ter lugar tamén neste novo marco creativo, de recuperación da tradición, de innovación, de transmisión e de

posta en valor da nosa lingua. Dentro da bagaxe de creadoras e creadores contamos coa colaboración de Silvia Penas.

Xa daquela, o CIOV nace co obxectivo de pór en valor o traballo realizado até agora e o legado patrimonial e cultural da literatura oral así como de transmitilo e de aglutinar novos xeitos de improvisación oral na lingua de noso.

### **Obxectivos**

Directos:

- formar improvisadores e improvisadoras
- crear un espazo de estudo dunha tradición que non foi estudada pola intelectualidade galega por entender que era menos valiosa que a escrita
- crear un lugar de encontro colectivo nun mundo cheo de espazos unitarios
- converter a improvisación oral nun sinal da identidade colectiva da nosa cultura
- recuperar a nosa lingua e o seu uso reivindicativo e lúdico

Indirectos:

- formar persoas cunha linguaxe rica en lingua galega, que sexan quen de expresar o que senten e o que acontece ao seu redor
- desenvolver, no alumnado, unha memoria funcional e de ser creativos
- formar persoas coa capacidade de empregar a palabra para expresarse (nunha época na que a palabra parece perder a súa función comunicadora fronte á imaxe)

### **Deseño e funcionamento do centro**

O CIOV é un centro dependente da Concellería de Normalización Lingüística do Concello de Vigo. A programación deste, así como o traballo a desenvolver son artellados no Servizo de Normalización Lingüística.

Espazo

O CIOV está localizado no Instituto Municipal de Educación (IME, dependente da Concellaría de Educación), cun espazo para as aulas de formación.

Para as actividades de dinamización cóntase coa colaboración de distintas entidades que prestan o seu espazo para os talleres e obradoiros, así como para as actuacións dos regueifeiros e contadores de historias. Entre estes espazos están asociacións veciñais, mercados municipais, prazas e rúas públicas, cafeterías, centros comerciais, centros da terceira idade, de saúde, escolas infantís municipais...

Tamén contamos con espazos municipais dependentes de diferentes concellarías como a de Cultura, Xuventude, Participación Cidadá...

### Recursos didácticos

A asociación ORAL de Galicia, que leva traballando na recuperación da tradición oral e improvisación en verso dende hai anos, ten realizado dous proxectos de metodoloxía didáctica e historia da improvisación oral en verso. Estes traballos foron adaptados para o seu traballo no CIOV no Servizo de Normalización Lingüística. Internet fornece de ferramentas didácticas, dicionarios, léxicos, vocabularios... que son empregados para coñecer e aprender máis da lingua galega, base da oralidade.

En canto ao traballo na área narrativa, temos un programa para desenvolver durante o curso que irán fornecendo ao alumando de material teórico.

Igualmente acontece con outras actividades formativas que ofertamos (slam, teatro improvisado, rap...) ao achegarmos material acaído para cada obrairo.

Con todo, nunha e noutra vertente desta programación a posta en escena, a práctica é o elemento fundamental.

### Profesorado

O CIOV contará con profesorado cualificado, experto na didáctica e profesionais no seu campo. Con relación á regueifa, o Servizo de Normalización Lingüística, xa leva anos traballando cos centros de ensino, polo que o profesorado encargado das aulas da improvisación oral (regueifas en particular) é xa coñecido e valorado moi positivamente ao longo destes anos. Por outra banda son profesionais do mundo da regueifa, polo que o alumnado non só atopa neles as ensinanzas didácticas e teóricas propias dun centro de estudo, senón que coñecen o mundo profesional da regueifa. Josiño da Teixeira, Luís O' Caruncho, Bieito Lobariñas, Pinto d' Herbón... colaboran decote no desenvolvemento

das actividades.

O mesmo acontece coa sección de contos, historias e lenda. Ana Carreira, Raquel Queizás e Paula Carballeira imparten as aulas semanais de cada trimestre. Xunto a elas, contamos con afamados contadores como Avelino González, Cándido Pazó, Celso Sanmartín, Quico Cadaval... quen achegan a súa experiencia e saber en aulas maxistras e outras colaboracións. Tamén contamos con contadores/as vidos do Norte de Portugal e outras culturas con tradición oral.

No eido do Slam, das novas tendencias da poesía xunto coa mencionada Silvia Penas, contaríamos con Iria Pinheiro, Jesús Andrés, así como a achegas de rapeiras e rapeiros. A colaboración co Norte de Portugal permítenos celebrar actividades conxuntas e mesmo concursos.

O teatro improvisado, no curso 2015-16, incorporamos a Manuel Pola como profesor; noutrora estes obradoiros foron impartidos pola actriz Uxía Blanco.

O medio

Ademais de contar con metodoloxía, profesorado e espazos de traballo, o que é realmente necesario é a ferramenta de traballo: a lingua. Para poder facer unha boa improvisación ou unha contada, ademais de traballar a improvisación directamente e necesario contar con ferramentas “lingüísticas”, con vocabulario e destrezas lingüísticas. Necesítase coñecer o máximo vocabulario posible, un vocabulario rico enriquece tamén a improvisación, ao tempo que a fai máis fluída e doada. A base da oralidade é a lingua, polo que o bo coñecemento da lingua é un factor determinante á hora de improvisar. A lingua é a ferramenta e o medio da oralidade. Outro factor importante de toda improvisación é a comunicación non verbal. O coñecemento das expresións corporais e faciais son parte da interrelación entre a persoa que improvisa e o público. Poderíamos dicir que parte da mensaxe que se quere transmitir cunha improvisación oral complétase coa escenografía.

### **Deseño do centro**

O primeiro paso foi a análise da situación educativa e dos coñecementos previos que o potencial alumnado ten da improvisación oral. Por unha banda atopámonos con dous niveis ben diferenciados de coñecemento da improvisación oral.

A tradición dos contadores de historias é ben coñecida pola cidadanía en xeral, mais non

ocorre o mesmo coa improvisación oral en verso. Cada ano son máis as persoas que coñecen a tradición das regueifas grazas ao labor da asociación ORAL coa recuperación da tradición da regueifa, as creacións de certames e actuacións de regueifeiros. Tamén o traballo da Concellería de Normalización ofertando obradoiros de regueifa aos centros escolares e actividades en distintos puntos da cidade divulgou entre a cidadanía, sobre todo o alumnado dos centros de ensino da cidade, esta tradición. É necesario que o CIOV non sexa só un lugar de formación, senón que sexa tamén un axente dinamizador da oralidade. Estas son os dous piares do CIOV: a formación e a dinamización.

### A formación

O CIOV é un centro que ten como obxectivo, entre outros a creación de novos regueifeiros e regueifeiras, de novos contadores e contadoras de historias, máis tamén de novos coñecedores e coñecedoras da tradición oral galega e das modernas representacións da oralidade. Para cumprir con este obxectivo o CIOV contará con cursos de formación. Estes cursos serán impartidos por regueifeiros e contadores profesionais, coñecedores da tradición e con ferramentas didácticas para o seu ensino. A CIOV non só se centra nunha soa manifestación da oralidade, polo que haberá distintos cursos para cada división: a prosa (contadas-lendas-contos) e o verso (regueifa-rap). Ambas as dúas divisións deberán ter unha pata común, o coñecemento da lingua, vocabulario, destrezas lingüísticas, fonética, xiros da lingua... Polo que a formación terá dúas partes, unha común: coñecemento da lingua vehicular; e outra parte específica: tipoloxía, tradición, ferramentas específicas para as contadas, a regueifa...

### A dinamización

Este pilar do CIOV ten a mesma importancia que a formación. Para conseguir un maior desenvolvemento do proxecto, que a cidadanía coñeza o CIOV, que teña interese polo que se fai nel, pola tradición e as novas manifestacións orais, é necesario que o centro teña un proxecto de dinamización que o achegue á cidadanía.

A dinamización desenvólvese de dous xeitos diferenciados. Por unha parte temos a dinamización propiamente dita, que consiste na realización de actividades en distintos puntos da cidade (rúas, centros comerciais, cafetarías...). Estas actividades achegan as manifestacións orais á cidadanía e esta pode coñecer de primeira man a regueifa, as contadas... Entre as actividades que se prevén están os seráns regueifeiros e as



contadas, que se realizarán en distintos espazos da cidade. Un claro exemplo tivémolo este ano co programa *No verán... un conto*, co cal achegamos a diferentes espazos públicos (mercados, prazas, parques...) de diversas zonas e parroquias viguesas 40 contadas dirixidas a público infantil (maioritariamente) e adulto.

Xunto con estas actividades están aquelas outras actividades formativas, pero de carácter dinamizador. Son actividades como os *obradoiros de regueifa* (para primaria e secundaria), nos centros de ensino; ou o *Certame escolar de regueifas* que se desenvolve no Centro Cultural de Valadares. O SNL leva realizando estas actividades dende hai anos, e delas xurdiu (por petición do propio alumnado, como xa comentamos) a idea de crear un espazo para aumentar os coñecementos dunha tradición que acababan de descubrir, a improvisación oral en verso. Estas actividades están recollidas dentro do apartado de dinamización, porque, aínda que son formativas, o obxectivo final do curso non é que aprendan a regueifar, senón crear interese pola improvisación e a tradición oral galega. Converter a estes rapaces e rapazas (ao igual que ao profesorado destes) nun público e potencial alumnado do CIOV.

Ademais destas actividades hai previstas actividades de contadas en cafés, centros comerciais, con cursos de teatro lido, de aprender a contar contos aos máis pequenos da casa...

## **Divisións**

Cando falamos da oralidade estamos falando de algo moi xenérico, que engloba distintas manifestacións. Podemos facer unha primeira división entre aquelas manifestacións orais en prosa e aquelas en verso. Esta é a división que o CIOV emprega. Por unha banda temos a oralidade en prosa e por outro en verso, e dentro desta división, a tradición e a modernidade.

Prosa	Tradición	Contos
		Lendas
	Modernidade	Novas lendas “urbanas”
Verso	Tradición	Regueifa e brindos
		Xaneiras, cantos de reis...
	Modernidade	Rap



A formación e as actividades que se realizan no CIOV van seguir esta división. A formación vai ser diferente segundo sexan as aulas de regueifa ou de contos. Mais hai un punto en común, que é a base de toda oralidade: a lingua. O estudo da lingua que se emprega nas manifestacións orais é o punto de encontro en todas estas manifestacións. Temos que ter en conta que todas elas teñen en común a lingua vehicular, a ferramenta e o medio para transmitir, a lingua oral. A diferenza da lingua escrita esta debe ser fluída, polo que é necesario un gran coñecemento da lingua, ter un vocabulario rico, acadar destreza coa lingua, a fonética, o ritmo...

### Planificación: periodización e actuación

A acción formativa artéllase en tres trimestres. O primeiro deles vai de outubro a decembro. De xaneiro a marzo o seguinte e o derradeiro entre os meses de abril a maio.

FORMACIÓN	<b>Regueifeiros/as:</b> mércores dende de outubro de 18:00 a 20:00 horas até finais de maio, no IME Profesor: Josinho da Teixeira Aulas maxistras
	<b>Contadores/as:</b> xoves dende outubro de 18:00 a 20:00 h até finais de maio, no IME Profesora: Ana Carreira, Raquel Queizás, Paula Carballeira Clases maxistras por diferentes contadores e contadoras
	<b>Slam:</b> Obradoiro de <i>slam</i> no IME Profesora: Silvia Penas
	<b>Teatro improvisado:</b> obradoiros no IME Profesor: Manuel Polo
DINAMIZACIÓN	<p><i>Seráns/vermuts regueifeiros:</i> diferentes espazos da cidade</p> <p><i>Slam:</i> torneo de poetas, en diferentes espazos (cafeterías, centros comerciais, mercados...)</p> <p><i>Contadas:</i> diferentes espazos da cidade nos programas “No verán... un conto” e “No Nadal... un conto”</p> <p><i>Tesouros de acó:</i> encontro con xente maior que nos achegan os seus saberes cara a recoller e difundir historias dos diferentes “vigos” que conforman a nosa cidade.</p> <p><i>Contos e cantos:</i> dirixido a pais e nais . Ben a través dos centros</p>

DINAMIZACIÓN E FORMACIÓN	de saúde nos cursos de preparación do parto, ben nas escolas infantís. Finalidade: animar a estes pais e nais a lles cantar e contar historias aos picariños e picariñas.
	<i>Cóntame os teus contos</i> : nos centros da terceira idade, nos de día... encontros coas persoas maiores para que nos transmitan contos da súa nenez, xeitos de remataren os contos, de os empezaren...
	<i>Obradoiros de regueifas</i> : nos centros escolares para primaria, ESO e BAC (novembro-décembro//xaneiro-febreiro)
	<i>Certame escolar de regueifas</i> no Centro Cultural de Valadares (primeiro venres de marzo)
	<i>Xogando cos contos</i> : profesorado. 12 horas (febreiro)

Ao tempo de toda esta oferta, continuaríamos traballando cara a establecer máis contactos e sobre todo para ofertar máis accións dinamizadoras e formativas.

#### Encontros de regueifeiros e de contadores/as

Así con aquela xente que participou dos obradoiros realizados e os e as asistentes aos cursos posibilitaríamos facer encontros por distintos espazos da cidade no que mostrar as habilidades da improvisación con estes e estas novas regueifeiras.

Experiencia neste sentido temos xa que temos realizadas diversas sesións de “vermuts regueifeiros” no centro de Vigo, en Bouzas, nas Travesas... e sesións vespertinas (seráns regueifeiros) por outras áreas da cidade.

Seguindo a mesma dinámica, e programados para maio, levaremos polo concello encontros de contadores/as, basicamente de alumnos/as que participasen no programa de formación.

Nestes encontros propiciariamos un ambiente distendido que animase a participar activamente para demostrar as habilidades na improvisación e na posta en escena destas.

#### Duplo R

Seguiremos apostando pola combinación do dobre R, o *Duplo R*: a regueifa e rap. Este encontro tradición-modernidade, cultura rural-urbana, propia-allea terá lugar na época estival con encontros de rapeadoras/es e regueifeiros/as cara a pór de manifesto como a

improvisación é unha arte tradicional mais tamén urbana e actual... e que nun e noutro caso... pode e de feito faise en galego. Neste caso a implicación da Concellaría de Xuventude é vital como se ten demostrado en anos anteriores nas que levamos a cabo *Duplo R*.

En Galicia temos rapeiros e rapeiras de sona que apostan pola lingua de noso para expresarse. A cultura hip-hop pode, e de feito, é unha ferramenta para nos achegar á mocidade, e para animala ao uso do galego nas súas expresións máis cotiás.

A Concellaría de Normalización xunto coa de Xuventude levamos dende o ano 2008 realizando o concerto *Duplo R* que leva aparelladas outras manifestacións da cultura urbana como o graffiti, o break dance... Ano tras ano máis mozas e mozos participan deste espectáculo de xeito activo, non só como mero público asistente.

Esta aposta polo rap conta coa experiencia, realizada en anos anteriores, achegando obradoiros de rap aos centros de man da rapeira viguesa Aid. Este achegamento callou na mocidade e nós puidémolo comprobar no programa *Cantiga Amiga 2.0* no que varios centros participaron enviando as súas versións de cantigas da lírica medieval rapeadas.

### **E un labor por continuar...**

Queremos tamén propiciar encontros de xente maior e cativa en espazos comúns é un xeito de perpetuar a nosa memoria colectiva nas xeracións futuras. Coa Concellaría de Benestar Social artellariamos un programa de encontros xeracionais onde o conto, a lenda, a historia na súa transmisión sería o eixo vertebrador.

Experiencia neste campo temos a través das nosas “Bibliotecas viventes”, nas que os libros que consulta o alumnado que a elas se achega son persoas con experiencias de vida para ser contada, compartida e a través das cales se establece un diálogo moi frutífero entre xente moza e vella.

Continuar propiciando encontros/confrontacións de poetas e estarmos abertos a outros proxectos literarios-musicais vai facilitar o achegamento á nova poesía e movementos poéticos que na nosa cidade teñen forza abonda.

Creemos oportuno establecer, para os regueifeiros/as, unha mecánica de “disputa” enfrontándose varias persoas entre elas, para ir cultivando a arte de regueifar con toda a súa esencia.

Respecto ás contadas, poderíamos ver as distintas técnicas, xeitos e habilidades para transmitir lendas, para recuperar contos, para crear novas historias baseadas no cotián que nos rodea.

Ao tempo que continuaríamos coa narración de contos e lendas, mesmo perfiladas toda vez que estariamos en festas tradicionais que nos permiten recuperar e difundir historias e credos sobre o Samaín, a Santa Compañía, o magosto, o San Martiño, o Apalpador...

Se até o momento estivemos traballando na improvisación e narración oral dende e para Vigo, cremos necesaria a presenza fóra da nosa xeografía, e necesario tamén propiciar espazos de encontro con outras manifestacións semellantes.

Respecto á improvisación tradicional, propoñemos estes encontros:

Co Norte de Galicia, maiormente coa comarca de Bergantiños. Esta é outra zona na que segue viva a improvisación oral mais con xeitos, mínimos, pero diferentes cós nosos. Pensamos en achegar o noso alumnado de obradoiros e certame a esta comarca, onde levaríamos a cabo -con concellos da zona- un encontro escolar como primeiro punto de encontro.

Asemade, temos que continuar cun camiño encetado hai un par de anos. Mostrar como o canto de desafío (Norte de Portugal) e a regueifa son ben semellantes, e como o portugués e o galego permiten que dunha e da outra banda do Miño poidamos expresarnos e entendermos: temos un pasado en común, habemos ter un futuro de achegamento.

Mais, e grazas a oportunidades ofertadas por programas europeos e de maior ámbito, podemos optar a proxectos como Mocidade en acción: Oralidade e mocidade, pode abrírnos a oportunidade de achegarnos á Lusofonía, coa colaboración de institucións e asociacións de Brasil e Portugal maiormente.

E xa máis centrados na improvisación en prosa, a nosa meta é seguir achegándonos ao labor que se realiza na outra beira do Miño, principalmente. Mais sen esquecermos

doutras culturas semellantes á nosa que tamén están a traballar na posta en valor e recuperación da tradición oral (Cataluña, Euskadi, Irlanda...) coa finalidade de difundir e proxectar este patrimonio inmaterial legado dos nosos antergos e que temos que deixar en herdanza a xeracións vindeiras.

O CIOV tense presentado xa fóra das nosas fronteiras. No mes de marzo do ano 2014 participou no congreso “L'improvisation orale. Tradition et actualité” organizado pola Universidade da Sorbonne en París.

Esta información complementase coa achegada puntualmente na propia páxina da Concellaría de Normalización Lingüística, no apartado “NOVAS”, no facebook “Vigoen galego” e na prensa.

## PROGRAMA DE NARRACIÓN ORAL:

### Obxectivos xerais

Que ao rematar o curso, os/as asistentes saiban:

Como armar un conto

Como contar.

Este traballo vaise facer en Vigo e polo tanto a cidade e os seus sucesos, acontecementos, anécdotas, van ser unha das fontes principais do repertorio a traballar.

Vigo conta cun patrimonio de historias pasadas e actuais ignorado e clandestino, pero tremendamente vizoso. Por iso, un dos aspectos que se van ter en conta vai ser a toponimia. Tentaremos aproveitar o traballo de recollida de topónimos que se está a facer en Vigo.

Con todo, as historias, os contos a contar, partirán dos alumnos e serán traballadas ó longo do curso para seren contadas nun espectáculo final.

O curso será en galego. O patrimonio oral non sería entendible noutra lingua.

O remate do curso vai ser un espectáculo público no que o alumnado conte os seus contos. Previo a este, pode haber actividades puntuais nas que o alumnado conte e se afaga a estar diante de público

### O traballo. Contidos

O curso vai ser práctico. Os participantes estarán contando sempre os seus contos e historias. E nelas traballarán:

Categorización do relato: anécdota, lenda, mito, conto, fábula. Abordaxe á tradición oral galega desde a toponimia.

Asimilación da tradición oral como patrimonio e proxección do presente como fonte

importante de historias reais e ficticias

A etnografía como recurso para o autocoñecemento

A escoita e a observación: A recolleita do cotiá

A diversidade de procedencia dos narradores: o teatro, a pedagogía, os cursos de narración, a literatura, a animación editorial

Tipo de narrador: disposición persoal, capacidade natural, formación; as peculiaridades de cada contador

Recursos para a elaboración do repertorio:

do contador coloquial ao contador escénico

Elaboración do argumento: personaxes, espazo, tempo

A arte de contar: recepción, improvisación, ritmo, voz, xesto...

A adaptación, o xénero, a transgresión de xéneros

Estética: actividade de entretemento

## O profesorado

Todas as persoas que impartirán o curso son profesionais contrastados e de recoñecido prestixio. Polo tanto, saben do que falan.

Ana Carreira, Raquel Queizás e Paula Carballeira imparten os tres bloques nos que se estrutura o curso segundo o programa.

Manuel Gago, Celso Sanmartín, Cándido Pazó, Quico Cadaval, Avelino González e mais outras achegas (mesmo de alén das nosa fronteiras) imparten as sesións especiais.

## As sesións especiais

Estas sesións especiais servirán para subliñar aspectos concretos da arte de contar.



Están situadas no calendario a xeito co desenvolvemento do curso cotián e coordinadas con el. Quen imparte a sesión terá coñecemento do momento no que se topa o grupo para traballar con el. A coordinación concreta dos contidos vai a cargo de Ana Carreira como monitora principal.

Estas sesións constan de dúas partes.

- 1.- A didáctica. Na que se traballa co grupo. En cada sesión traballarase un aspecto da arte de contar. Pero sempre axeitado ás necesidades e desenvolvemento do curso. Por iso están localizadas no calendario de xeito que cadren co desenvolvemento do curso cotián.
- 2.- A espectacular. Unha actuación na que o alumnado, e público xeral, poderá ver como se aplican as técnicas que se traballan no curso.

## **PROGRAMACIÓN IMPROVISACIÓN ORAL EN VERSO**

### Obxectivos xerais

Dar a coñecer a poesía oral improvisada en verso

Intentar espertar o interese pola práctica desta técnica

Conseguir ao remate deste curso que o alumnado sexa quen de improvisar en verso

Aumentar as nosas competencias persoais no fomento das actitudes para a improvisación, da actitude creativa, do desenvolvemento da memoria

Aumentar as competencias lingüísticas e escénicas na expresión oral e na dimensión lúdica da lingua

Aumentar a competencia musical

Vincular o alumando co noso patrimonio cultural, tomar conciencia deste legado e da necesidade de recuperalo, valoralo e transmitilo

### Contidos

#### Parte teórica

Orixe e evolución da poesía oral improvisada

A improvisación oral no mundo

O proceso de creación da poesía improvisada

A literatura oral en Galicia

Outras coplas populares galegas

Manifestacións populares de carácter oral e improvisado

Concomitancias das improvisacións orais galegas con outras formas actuais de carácter urbano

Novos formatos para divulgar a poesía oral

Importancia da ambientación para incrementar o interese polas actividades

## Parte metodolóxica

O ritmo, a rima e a métrica

Actividades:

Xogos con palabras

Xogos con versos e poemas

Xogos de improvisacións

Exercicios con recursos literarios-musicais

Cuartetas didácticas

Creación de cuartetas

## O profesorado

As aulas semanais serán impartidas por Josinho da Teixeira. Nas sesións especiais e nas regueirfadas contaremos, ademais, con Luís O' Caruncho, Pinto d' Herbón e Bieto Lobariñas.

## Calendario

O curso comeza en outubro. Todos os mércores até finais de maio desenvolveranse as aulas semanais.

O horario será de 18:00 a 20:00 horas

## Localización do centro

As aulas semanais van realizar no IME (camiño do Chouzo, número 2). As especiais en diferentes espazos que se indicarán.

